

MOCIÓN PARA O MANTEMENTO URXENTE DO CAMPO DE FÚTBOL DA GRAÑA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do establecido na lexislación vixente, a través da súa portavoz Dona María Elena Estévez Freire, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación no Pleno da Corporación **MOCIÓN PARA O MANTEMENTO URXENTE DO CAMPO DE FÚTBOL DA GRAÑA** baseada na seguinte,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o artigo 25, apartado 2, letra L da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os municipios son competentes na “promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”. Pese a isto, o Concello de Bueu realiza, en liñas xerais, un mantemento enormemente deficiente das infraestruturas deportivas municipais, o que non axuda a fomentar o seu uso. Unha das instalacións que máis sofre o desdén municipal é o campo de fútbol municipal da Graña, inaugurado no ano 2011, que ve como a totalidade dos seus espazos está a vivir unha degradación substancial, desde os asentos das gradas até o solo.

En consecuencia, cómpre actuar de forma urxente para evitar unha maior afectación desta infraestrutura municipal, de xeito que se evite un trastorno constante para os usuarios e un maior gasto para as arcas municipais. Xa que logo, é preciso que o goberno local destine os fondos necesarios para poder acometer unha actuación de mantemento urxente, ben a través da brigada municipal, ben a través dunha empresa, facéndose cargo de traballos como o pintado das paredes, o arranxo do alumeado e dos paneis do teito etc.

Polo exposto anteriormente, o Grupo municipal do Partido Popular solicita ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

ÚNICO.– Instar o goberno local a realizar unha actuación de mantemento urxente no campo de fútbol da Graña.